

ACORDO DO CONSELLO REITOR

O Consello Reitor do Auditorio de Galicia en Sesión do xoves 21 de marzo de 2024, aprobou o seguinte **ACORDO**:

Informe-proposta acordo

Asunto: CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ATENCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO AUDITORIO DE GALICIA

Expediente: 2024/C004/000001

I ANTECEDENTES

1. A xestión da actividade cultural da Concellería de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela desenvólvese a través do organismo autónomo do Auditorio de Galicia que ten a encomenda estatutaria da realización da actividade cultural efectuada no Pleno da corporación o 15 de abril de 2004, publicada no BOP 222 de 24 de setembro de 2004.

II FUNDAMENTOS LEGAIS E TÉCNICOS

1 Segundo o expresado nos estatutos do Auditorio de Galicia e consonte ao establecido nas Bases de Execución do Orzamento do Auditorio de Galicia, o órgano competente para realización do acordo é o Consello Reitor do Auditorio de Galicia.

2- Os pregos e documentos necesarios que se anexan están redactados ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Polo anteriormente exposto, en vista da capacidade de contratación atribuída estatutariamente e dos informes inseridos no expediente, da garantía da existencia de crédito e dos acordos tomados inseridos no expediente, **PROPOÑO** ao Consello Reitor:

1. Iniciar o expediente e aprobar os pregos que rexerán o procedemento aberto de contratación dos servizos de atención técnica para a realización de actividades culturais do Auditorio de Galicia por un valor estimado de



**Compostela
Cultura**

1.005.812,80 €, e un orzamento de licitación de 502.906,40 € ao que corresponden 105.610,34 € en concepto de IVE, que fan un total de 608.516,74 € .

2. Autorizar o gasto pola contía de 608.516,74 € IVE incluído na partida 33400 22799 OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESIONAIS.

Repartidos nas seguintes anualidades:

	2024 (Maio- Novembro)	2025 (Dec 24- Nov 25)	2026 (Dec 25-Abril 26)	TOTAL
BASE	146.681,03 €	251.453,20 €	104.772,17 €	502.906,40 €
IVE	30.803,02 €	52.805,17 €	22.002,15 €	105.610,34 €
TOTAL	177.484,05 €	304.258,37 €	126.774,32 €	608.516,74 €

A autorización de gasto para a anualidade do 2025 e 2026 segundo o establecido no no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais queda condicionada á consignación de crédito axeitado e suficiente no referido exercicio.

Jose Manuel González García

Secretario do Consello Reitor do Auditorio de Galicia

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org


AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela


CONCELLO DE
SANTIAGO